



# VOLTA Á PENÍNSULA DE O GROVE

Adela Leiro, Mon Daporta  
decembro 2018



**Distancia:** 34 km (circular) + 7 (A Toxa) + 4 (Monte Siradella)  
**Dificultade:** baixa (moi longa, para varias etapas)



**Roteiro perimetral para coñecer litorais e ambientes diversos, de interese natural, e lugares con pegadas históricas e etnográficas.**

Facelo dunha soa vez supón camiñar uns 34 km, 7 km máis se lle damos a volta á Toxa, pero é posible facelo por partes, pois a todas hai acceso doado, ou escoller só aquelas que nos parezan de maior interese para o noso propósito:

- A volta á illa da Toxa, por facer algo diferente, ten que ser coa marea baixa.
- Do Grove a Meloxo, tramo semiurbano con numerosas praias de area fina pero pouco visitadas porque a súa orientación ao norte e a proximidade de varias instalacións industriais non as fai moi atractivas
- De punta Moreiras á punta de San Vicente, un dos tramos de maior interese natural, etnográfico e histórico: praias con bos sistemas dunares, lagoa litoral (A Bodeira), formacións rochosas, restos de instalacións de Salga, necrópole de Adro Vello, Museo do Mar e da Salga, Acuario...
- A costa exterior de Pedras Negras á boca da ría (punta Pateiro e de San Vicente). Un itinerario por formacións rochosas e praias de mar aberto na que as protagonistas son as ondas.
- As praias máis visitadas da zona: da Lanzada a Pedras Negras. Un percorrido polos areais da Lanzada, Raeiros, Area da Cruz (Balea), Espiño, O Portiño...
- A subida ao monte Loureiro/ Siradella, o máis importante punto panorámico e Centro de Información do LIC Ons-O Grove. Unha camiñada circular de 4 km desde a rotonda na que a estrada se desvía a San Vicente.





A Península do Grove, coa illa da Toxa.

O Grove ten unha gran parte da súa costa protexida no LIC/ZEC “Ons-O Grove”; nas ZEPAs “Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta Do Carreirón” e “Espazo Mariño Rías Baixas de Galiza”; no **Humidal de Importancia Internacional RAMSAR** “Complexo intermareal Umia – O Grove”; e na **Reserva ornitolóxica da SEO/BirdLife** “O Grove”,

A amplitude da costa, a súa accesibilidade e o seu interese ofrecen a posibilidade de facer numerosos roteiros camiñando ou con vehículos, en calquera época do ano, dada a variabilidade que ofrece o cambio das estacións, en especial a floración das dunas e o paso das aves migratorias. Moitos destes roteiros están sinalizados e acondicionados.

**Enseada do Umia.** Área comprendida entre o istmo da Lanzada e a desembocadura do Río Umia en Cambados. É unha zona de costa recortada e protexida con augas pouco profundas e mornas. A gran cantidade de sedimentos deixados polos ríos forma bancos de area que alternan con zonas fangosas e dan lugar a ecosistemas dunha gran diversidade biolóxica. É criadeiro de numerosas especies mariñas (especialmente moluscos) e zona de enorme importancia para o paso e o descanso das aves mariñas, en especial as limícolas.



Limícolas no Vao



Cullereiros (*Platalea leucorodia*). Na Enseada do Umia hai unha importante poboación invernante única en Galiza (máis de cen exemplares)



## PERCORRIDO

Comezamos na rotonda que hai na metade do istmo, ao pé do punto de observación de aves, para botarlle unha ollada á **enseada do Umia- O Grove** un lugar de augas tranquilas, pouco fondas, con substratos de area, que son ricos bancos marisqueiros, ou lamacentos, dunha grande riqueza biolóxica, que converten a esta área nunha das máis importantes de Galiza para o descanso e a invernada de aves acuáticas polo que está protexida como LIC/ZEC, Zona ZEPA e Humidal Ramsar.

Camiñando pola beira da estrada chegamos a outro punto de observación, o da praia do **Caverna**.

Continuamos camiño e seguimos pola vía de servizo ata a rotonda onde remata, no panel de información da rotonda indica saída á **Telleira**, alí podemos baixar á **punta de Surmuíño** onde hai outro punto de observación, no **con Guillete**. Desde ahí podemos camiñar un pouco pola beira. Nun punto atoparemos abundantes restos de ladrillos e na costa, por enriba, veremos entre a vexetación os restos do forno da telleira que lle dou nome ao lugar. Pasada a telleira atopamos á esquerda un camiño que nos leva á beira da estrada, con beirarrúa e espazo para a circulación de bicicletas. Desde ela, que ten unha certa altura e bo campo de visión sobre o litoral, veremos as **Morrásas de Ardia**, os illotes da enseada (**Tourís, Marma e Loraña**), ao chegar á altura do colexio deixamos a estrada e achegándonos a el veremos un camiño, á esquerda, polo que podemos ir ata a **punta de Besada**, desde alí pola beira do mar se a marea está baixa podemos ir ata a **ponte da Toxa**, pero é igual de doado, e máis cómodo, achegarse á rúa e camiñar por ela ata a ponte.



Punta Surmuíño. Nas proximidades consérvanse os restos dunha antiga telleira.



-Enseada e punta da Silva



Praia do Vao



Cardo leiteiro (*Cistanche phelipaea*).

Ten como único punto de referencia en toda Galiza o litoral da Enseada. É unha planta que parasita a outras leñosas da beiramar. So é visible cando florece entre os meses de abril e xuño.



Praia do Caverna. Enseada da Illariña.



Vista desde o observatorio de aves do Con Guillete



Morrasas de Ardia



Punta de Besada



Praia da Vía. Un importante banco marisqueiro, entre a illa da Toxa e O Grove.



Ponte de acceso á Toxa.



Vista aérea da Toxa e da vila do Grove

Cruzando a ponte podemos darlle a volta á **Illa da Toxa** indo sempre preto do litoral, a non ser nos espazos privados dos hoteis, e por fóra da liña da costa arredor do campo de golf.

A illa da Toxa convertiuse nun importante centro balneario despois de descubrirse os mananciais de augas termais. O Primeiro Hotel e a ponte rematáronse en 1910. Ata esas datas a xente facía uso das augas termais en pozas e bañeiras sen as mínimas comodidades.



Praia da Ponte Sur



Punta do Vendaval.



Praia/enseada da Fonte



Punta e praia de San Marcial



Punta de Cabreirón



Punta e praia Cruz das Ánimas.



Punta e praia da Mourisca



Praia de Covadelo ou da Ponte Norte.



De volta continuamos polo **paseo do Confín e Peralto** ata chegar ao **porto**. Desde aquí podemos camiñar sempre pola beira do mar ata chegar á boca da ría, na punta de San Vicente. Desde o porto hai un paseo que abeira a costa de **Lordelo** e do **Esteiro** ata a **punta de Cantodorxo**, e de Cantodorxo en diante empezan a enfiarse as praias que só se sabe onde remata unha e comeza a seguinte porque entre elas hai unha ringleira ou unha morea de pedras: **Rons, Con Roibo**, as da **punta de Rons**, o **porto dos Padroneses**, a **Virxe das Mareas**, a **Louxiña** e **Meloxo**.



Punta e praia de Peralto



Cons Corveiro

O GROVE. Un importante porto pesqueiro e de acuicultura, e especializado en embarcacións turísticas.



O Esteiro



Punta de Lordelo desde O Esteiro



Punta de Cantodorxo. Acolle un xacemento de especial interese arqueolóxico: un castro (datado nos séculos IV a II a. C.), unha necrópole (hoxe en día desaparecida debido á construción de edificacións), e unha posible vila romana). Nos arredores tamén existe un cuncheiro.





Praia de Rons e illotes Os Sinais de Rons.



O Con Roibo.



Praias e punta de Rons



Porto dos Padroneses



Virxe das Mareas



Praia Louxiñas

Cando chegamos a **Meloxo** o mar e o vento perden forza na recollida enseada que abriga o porto especializado na descarga do mexillón que se cultiva nas numerosas bateas que vemos desde que nos achegamos á ría (a ría de Arousa acolle o maior número de bateas de Galiza). A enseada pódese rodear por un paseo e un carreiro acondicionado que nos leva do porto á praia da localidade e dela á **praia Lavagueira**, desde alí unha escaleira, amolada, súbenos ao camiño que polo medio de piñeiros e eucaliptos nos leva ao fondo da enseada onde desaugan uns pequenos regueiros, un con restos de muíños e outro cun longo esteiro que se cruza por unha ponte peonil, para pasar á **punta Moreiras** onde están o **acuario** e o **Museo do Mar e da Salga** e unhas fermosas vistas de toda a enseada.



Meloxo: porto, enseada e praia.




Praia Lavagueira



Praia na enseada de Meloxo





Punta Moreiras. Concentra unha inportante oferta turística e cultural: Museo da salga e do mar, acuario, grupos escultóricos, roteiros acondicionados...



Praia na punta Moreiras



Museo da salga e do mar



Pedra do Santo

Rodeando a punta Moreiras volvemos a entrar en zona de praias e percorrерemos a **Area das Pipas**, a **Area de Reboredo** e, pasada a punta da **Laxe da Robeira**, entraremos na **praia da Mexilloeira** que ten detrás a **lagoa da Bodeira**. Da Mexilloeira pasamos a de **Piñeirón** e, pola **punta Burata**, á de **Area Grande**. Doblando a **punta Barcela** pasamos á **praia da Barcela** e desta a do **Barreiriño**, e superada a punta na que remata, entramos na derradeira praia da banda do sur da ría da Arousa, a **praia do Carreiro**, que ten na parte alta a **necrópole medieval de Adro Vello**. A punta que hai diante da praia é a de **San Vicente**, aínda que os toxos non deixan andar por ela é posible achegarse a ela pola parte de arriba e baixar á pequena praia, a primeira de fóra da ría, que hai ao seu pé e ver desde alí o **Pombeiro** que limita polo sur a boca da ría e as outras illas (Sálvora, Nor, Vionta) que a pechan.



Area das Pipas




Area de Reboredo



Punta Laxe da Robeira



**Lagoa Bodeira.** Pequena lagoa litoral separada do mar pola praia e dunas da Mexilloeira, no lugar de Reboredo. As dunas teñen unha gran riqueza botánica e na lagoa viven e crían aves como a galiñola negra, o mergullón pequeno e o lavanco real.



Praia Mexilloeira



Praia de Area Grande



Praia e punta da Barcela.



Praia da Barcela. As Barceliñas



Praia do Barreiriño



Praia do Carreiro



Necrópole de Adro Vello, a carón da praia do Carreiro. Enterramento medieval a carón dunha antiga capela construída sobre unha Vila Romana. Nas proximidades hai un castro.



Punta de San Vicente



O Pombeiro



Vista desde o mar da punta de San Vicente e o illote Comeán

Para seguir camiño hai que rodear a punta que separa as **praias do Castriño** e do **Pateiro** ou **Baleela** e subir á **punta Pateiro** desde a que un carreiro por entre os toxos a media altura do cantil baixa logo á **praia de Castiñeiras**. Desde aquí o traxecto ata o final da ruta xa transcorre case todo por camiño sinalizado. Da praia de Castiñeiras pasamos á do **Barreiro** e desta á **Agueira ou da Poza**, dela á do **Con Negro**; aquí interrómpease a sucesión de praias para dar paso a un tramo de litoral rochoso no que o interese está na forma das pedras e nos efectos que produce o mar ao bater nelas, ata que dobramos a **punta do Conchido**, onde se acolle a **praia de Canelas**, e volve a comezar a sucesión de puntas e areais: a **punta da Miranda**, detrás a **praia da Abelleira** ou de **Fervide**, despois a punta e o **Con da Abelleira**, a **praia da Barrosa**, a **punta do Morro**, a **praia Farruco**, a **praia da Buraca da Londra**, o **porto de Pedras Negras**, a **praia do Portiño**, a **praia de Espiño**, a **punta do Portiño**, a **praia de Area da Cruz** ou de **Balea**, a punta e os **Cons das Paxareiras** coa **praia de Sobre do Pozo**, a **praia das Paxareiras** ou de **Raeiros**... ata chegarmos á punta de **Raeiros** aquí, se a marea está baixa e a seca é grande, podemos seguir polas pedras e baixar á area no arranque da **Lanzada**, pero o máis doado é subir á beira da estrada para achegarse ao miradoiro desde o que temos unha boa panorámica do areal da Lanzada e baixar logo a ela para percorrela ata o aparcamento que hai na metade do istmo polo que podemos cruzar ata a rotonda e alí, con toda a atención e toda a precaución que nos sexa posible, cruzaremos a vía para chegar ao punto no que comezamos a andaina.



Praia do Castriño



Praia Baleela e Punta Pateiro



Punta Pateiro



Praia e enseada de Castiñeiras e praia de Barreiro



Praia de Castiñeiras






Punta Agueira e praia Agueira ou da Poza.



Praia de Con Negro, Con Negro e Petón do Con Negro (vista desde a punta Agueira)



Cons traballados polo mar na zona do Con Negro.  
A erosión nos granitos produce grandes bloques de formas redondeadas.





Con do Corvo




Porto Xunco.



Laxes do Abade

-Punta e illotes do Conchido.



Praia de Canelas



Punta Miranda e Illa Redonda de Terra



Praia da Abelleira ou Fervide.



Punta e Con da Abelleira.




Praia da Barrosa



Praia Farruco



Praia Buraca da Londra.



Porto de Pedras Negras



Praia do Portiño.



Praia do Espiño



Punta do Portiño. Praia Seixeliños.




Vista aérea desde balea ata A Lanzada



Praia de Area da Cruz/Balea




Punta e Con das Paxareiras. Praia Sobre do Pozo.



Praia das Paxareiras ou Raeiros.





**Punta e laxes de Raeiros**  
As rochas da costa do Grove, desde San Vicente ata a Lanzada son maioritariamente graníticas con pequenas intrusións de gneis.



**Praia da Lanzada.** Unha praia emblemática en Galiza, pola súa extensión (2.400 m), pola situación, no corazón das Rías Baixas e pola historia e os ritos e crenzas asociados a ela. No primeiro plano a punta e illote do Colmado, lindeiro co concello de Sanxenxo. Ao fondo a enseada do Umia-O Grove



Vista do **Istmo da Lanzada** desde o Monte da Siradella, un espléndido miradoiro sobre a ría de Arousa (157 m de altitude) e a costa da Lanzada, no que se atopa o Centro de Interpretación do LIC "Ons-O Grove". O istmo da Lanzada é un brazo areoso que une O Grove ao continente. Na parte que da ao mar aberto aséntase a praia da Lanzada; a zona intermedia está formada por dunas fixadas pola vexetación, entre as que hai varias lagoas estacionais orixinadas por antigas explotación de area; e a interior da á enseada. Nesta zona a marea baixa deixa ao descuberto unha ampla chaira intermareal na que se alimentan as numerosas aves que a frecuentan. No istmo aséntase un sistema dunar que conta con máis de 100 especies, entre as que se atopan endemismos locais e rexionais.



A Siradella.  
Centro de Interpretación  
do LIC "Ons-O Grove"



Vexetación nas dunas da Lanzada